


# Lía e as zapatillas de deporte



Título:  
Autora:  
Ilustrador:  
Editorial:  
Colección:  
Nº páxinas:  
ISBN:  
Idade:

Lía e as zapatillas de deporte  
María Reimóndez  
Iván Sende  
Xerais  
Merlín  
96  
978-84-9782-725-6  
De 9 anos en diante



# a autora

**María Reimóndez** (Lugo, 1975)

Tradutora e intérprete de profesión, feminista e solidaria de convicción.

Como autora leva tres títulos publicados: *Moda Galega*, *O Caderno de Bitácora* (IV Premio de Novela Mulleres Progresistas 2003) e *O club da calceta*, finalista do premio Xerais de Novela 2005.

Tamén é a autora dunha serie protagonizada por unha nena, un neno e un can (Uxía, Brais e Ulises) que van percorrendo as diferentes comarcas de Galicia ao tempo que mostran aquilo que teñen de máis característico.

Un dos seus relatos *O ventre do mal*, forma parte do libro *O son das buguinas* dirixido ao público xuvenil. Para o infantil é este o segundo, despois de *Usha*.

Traballa en proxectos de cooperación ao desenvolvemento. En 1998 fundou a organización Implicadas/os No Desenvolvemento da que é presidenta. Esta oenegue está traballando en proxectos de desenvolvemento integral en países como India e Etiopía.

# o ilustrador

**Iván Sende** (A Coruña, 1977)

Estudou ilustración na Escola de Artes Pablo Picasso.

Ten traballado en parcelas diferentes do oficio artístico, desde a elaboración de instrumentos tradicionais de barro, mestre de arte ou vendedor de acuarelas na rúa.

Ademais deste libro ten ilustrado *Usha*, tamén da autoría de María Reimóndez.

Publicou na colección Merliño *Bea*, o seu primeiro libro como autor.

Destacan na súa obra as imaxes limpas que poden lembrar os mangas, figuras moi delgadas e con ollos enormes...

# o libro


A noite despois de Reis, Lía sorpréndese cando descobre que as zapatillas que estreou ese día poden falar e levala a facer viaxes polo mundo para poñela en contacto con outras realidades.

Así coñece ao rapaz que as fixo e descobre o traballo infantil de maneira directa. Esa será unha fiestra que se abre á inxustiza, pero tamén á posibilidade de cambiar o rumbo das cousas, pois Lía toma unha decisión que a levará a intervir sobre a realidade para cambiala.


Non estará soa nese camiño, os seus compañeiros e compañeiras, a nai, a mestra... participan das accións para denunciar a inxustiza e van poñendo o seu gran de area para construír un mundo mellor.

Unha novela de activismo, de toma de conciencia; unha obra que pon nas mans dos nenos a posibilidade de saber e actuar, de converterse en consumidores responsables e persoas solidarias.

# temas e valores



A solidariedade




Organizacións Non Governamentais



Comercio xusto



O traballo dos nenos do terceiro mundo




A responsabilidade dos consumidores do primeiro mundo



A fantasía ao servizo dos valores



O papel das mulleres no mundo




Oenegúes e organizacións internacionais que traballan pola xustiza, a paz, a educación...

# temas e valores



Outros países e outras culturas. Interculturalidade.  
A riqueza da diversidade



Diferentes costumes e lendas, diferentes relixións,  
idiomas e visións da vida



Amizade

# actividades

A proposta de actividades que segue xorde das múltiples posibilidades de xogo arredor do texto. Nunca deben ser tomadas dun xeito que non sexa simplemente a apertura dun abano de posibilidades para comprendelo algo mellor, darlle voltas, repensalo...

Cada mediador poderá escoller aquelas actividades que lle resulten máis interesantes tendo en conta os intereses que o guían, ou ben pode crear as súas propias de baseándose nas que se deseñan a seguir. En calquera caso, o máis importante dunha historia é lela e comentalala. O feito de realizar algunha actividade en torno a esta lectura debe ser, en todo caso, complementario do anterior, pero nunca debe ocultar o obxectivo principal: ler e gozar da obra.

## Antes da lectura

---

- Co libro na man anticiparemos o seu contido. Observando as capas imaxinaremos de que pode tratar e o que imos atopar nel.
- Atenderemos ao que nos suxira o título e a ilustración da portada.
- Pensamos se este título nos lembra outros.
- Escribimos, ou imaxinamos, un texto con ese título.
- A lectura do texto que aparece na contraportada axudaranos a adiantar o tema e o argumento do mesmo. Deixamos que vaian saíndo á luz as experiencias e coñecementos previos acerca desta temática.
- Identificamos a autora, buscamos datos acerca dela e das súas obras. Podemos comezar coa lapela, posteriormente realizaremos outras buscas na biblioteca e en Internet.
- Informémonos sobre o ilustrador, acerca doutros libros ilustrados por el.
- Realizamos unha exposición cos libros que temos na biblioteca desta autora e deste ilustrador.
- Podemos falar da colección Merlín, doutros títulos que coñezamos e da opinión que nos mereceron. Repasamos a solapa na que aparecen «Últimos libros da colección».
- Contamos experiencias e escribimos historias, comentamos libros ou películas que teñamos lido ou visto nos que se trata o tema do traballo infantil.
- Realizamos un punto de lectura adecuado para esta obra.
- Cunha mirada rápida observamos as ilustracións «coma quen mira os santos» e imaxinamos a historia que pode haber detrás (non vale ler!).
- Pensemos se esta historia nos lembra algo que coñecemos de primeira man.

## Ao longo da lectura

---

- Cunha mirada rápida situaremos o texto dentro dun xénero literario.
- Os capítulos aparecen numerados. Unha vez lido cada un deles, poñémoslle o título que nos parece máis adecuado.

# actividades

- Resumimos un capítulo contándoo en poucas palabras.
- Despois da lectura de cada un dos capítulos predicimos a continuación da novela.
- Identificamos quen conta a historia.
- Seleccionamos aqueles fragmentos que nos chaman a atención para despois poder compartilos cos compañeiros e compañeiras.
- Deteñámonos en cada unha das ilustracións tentando explicar o que nos mostran e observando se nos achegan informacións novas, que non sempre aparecen nos textos.
- Poñámoslle textos curtos a cada unha das ilustracións, a modo de pés de foto.
- Elixamos a ilustración que máis nos guste de todas e argumentemos a escolla.
- Probamos a ler un fragmento do libro de forma que cada un de nós represente un personaxe.
- Formulémonos preguntas relacionadas co texto:
  - Como foi o último día de Reis que recordas?
  - Que lle trouxeron este ano os Reis a Lía?
  - Coñeces outros nomes que se poidan dividir en dous como Rosalía?
  - Abunda máis os personaxes masculinos ou os femininos nesta historia?
  - Coñeces algunha tenda de comercio xusto? Onde están situadas?
  - E algunha oenegué? Cítaas.
  - Miras algunha vez as etiquetas da roupa que mercas? Faino agora e apunta o país de orixe.
  - Cal é a oenegué na que traballa a autora deste relato?
- O día de Reis é unha data moi especial. Ou xa non tanto desde que nalgunhas casas tamén Papá Noel trae regalos? Falemos acerca do que sucede na nosa familia e intercambiamos opinións.
- Hai unha campaña de defensa dos Reis Magos fronte a Papa Noel (máis alleo e comercial, entre nós). Expliquemos cal pode ser a razón, a tradición na que se apoia cada pobo...
- Cada un de nós vai tentar lembrar como foron os espertares do día de Reis, realizará un listado cos regalos que recibiu en cada ocasión, escollerá cal deles lle gustou máis e explicará a razón, tentaremos ver que tipo de regalos nos fan a cada un (xogos e xoguetes só para divertirse ou tamén didácticos, libros, cousas que nos serven para ximnasia...)
- Facemos unha sesión de presentación dos libros que máis nos gustaron entre todos os que nos regalaron por Reis.
- Escribimos a historia do xoguete que máis nos gustou dos que recibimos por Reis.
- Realizamos unha posta en común acerca do consumismo esaxerado, de se ten sentido recibir tantos regalos, se nos arranaxiamos con menos, se é xusto, se é responsable... Debatenos en torno a todo isto, tentando chegar a acordos mínimos que nos sirvan para mellorar o mundo, o medio ambiente, a relación entre os pobos...
- Compara a túa habitación coa de Lía.
- Buscamos expresión como «caer de cu»...
- As zapatillas de Lía falan e din que todas as cousas teñen a súa historia. Escribe ti a dun dos obxectos que máis che chamen a atención.

# actividades

- Ir de viaxe agarrada aos amallós das zapatillas. Imaxíno, deixa voar a imaxinación, e escribe a túa propia excursión.
- As grandes contradicións: os nenos que traballan nas fábricas de zapatillas andan descalzos. Pensa nalgunha outra que che teña sorprendido dentro ou fóra do libro que estás a ler.
- Falamos dos horarios de traballo, de cantas horas traballan os nosos pais, preguntámoslle a outras persoas que coñecemos, e vemos que non todos teñen o mesmo horario. Comentamos como isto aínda é máis dispar se o comparamos con outros países.
- O dereito á educación, que no noso país é tamén un deber polo que se obriga ás familias a escolarizar aos seus fillos, tampouco é igual en todas partes do mundo, nin foi así sempre. Podemos preguntarlles aos nosos pais e avós, aos bisavós... e ver cantos anos eran obrigatorios de escola para todos. Estaría ben que nos demos conta de que cantos máis anos de ensinanza obrigatoria teña un país máis democrático será, e máis igualitario.
- Conforme Ramesh lle vai contando a Lía a historia da súa familia, descubrimos como é explotado cada un dos seus membros, uns na casa traballando a man salva e outros na fábrica cuns horarios inhumanos. Comentamos se entre nós se producen situacións semellantes.
- Imaxinemos que cada xoguete, que cada peza de roupa... nos levara ao lugar onde a fabricaron e puideramos ver como vive a xente que as fixo. Comecemos observando as etiquetas, vendo de onde proveñen, buscando eses lugares no mapa, indagando algo acerca deles...
- Observamos a maneira na que están sentados, mentres comen, na páxina 25. Semella que esta postura é cómoda para moitas cousas: comer, coser, falar, xogar... en que casos a utilizades vós?
- O capítulo catro remata dunha maneira angustiosa, un home colle a Rani e a Lía e semella querer facerlles mal; por que?
- Deberes e dereitos. Os nenos e nenas teñen o dereito de estudar e tamén o deber de facelo. Pensemos na inxustiza de non aproveitar esta oportunidade cando outros nenos non a van a ter nunca e como, desde aquí, se lles podería axudar.
- A responsabilidade dos consumidores. Repasemos aqueles parágrafos nos que isto se vexa claramente como sucede nas páxinas 32 e seguintes.
- Hai un momento no que unha das zapatillas di que esta historia «é coma unha película de terror, só que é de verdade». Algunha vez vos atopaches nunha situación semellante, coma nun pesadelo? Se é así podedes comentalo ou escribilo... compartilo ou non.
- Situacións de terror que acontecen mentres estamos a falar. Onde e como suceden? Busquemos datos para realizar un mapa mundial dos pesadelos.
- A zapatilla explica «que a maioría da xente que merca eses produtos non sabe como se producen e moita outra non quere saber». Por que será?
- Se non comprásemos determinados produtos, fabricados por nenos e nenas, os empresarios deixarían de producilos nesas condicións. Aí é onde está o poder dos consumidores para poder cambiar o mundo, cando eles deixan de mercar non se pode fabricar; de aí a importancia de escoller ben. Falemos acerca disto.
- «As nenas e nenos producen barato mais as persoas que compran mercan moi caro. O que hai no medio son os petos ben cheos de quen recolle os beneficios». Os intermediarios e o

# actividades

seu papel. Se pensamos no avó, tío... que temos na aldea cultivando algún produto e nos conta a como o vende e preguntamos a como se merca no supermercado, saberemos con canto se queda o intermediario. Podemos xogar ao mercado: uns seremos produtores, outros os intermediarios (que envasan, distribúen, venden ...) e outros os consumidores. Tentemos ser xustos e que cada un se quede coa marxe que lle corresponda.

- A publicidade que o empresario fai para conseguir vender o que produciu leva ás veces moitos cartos ... Falemos dela (dos famosos que a fan, de que anuncios nos gustan e cales non...) achegando argumentos.
- A nai de Lía explícalle que hai empresas que marchan a países, onde é máis doado non cumprir os dereitos das persoas traballadoras, en vez de quedar aquí, dándolle traballo aos parados. Podemos sacar conclusións de todo isto.
- Busquemos o parágrafo no que a nai de Lía lle explica a razón pola que non lle merca todo o que ela lle pide, ao tempo que lle fala do consumo responsable.
- Un consumo irresponsable non só explota persoas senón tamén os recursos naturais do planeta. Expliquémolo!
- Cales son as cousas que nos fan máis felices? Son cousas materiais ou non? Poden mercarse? Por que nos sentimos mal se non temos moitas cousas?
- Plis Plas ademais de ser o nome das zapatillas de Lía é algo máis. A ver quen é capaz de acertalo!
- Lía escíbelle unha carta a Ronaldinho contándolle que a empresa para a que el fai publicidade utiliza man de obra infantil
- Cando Lía fai a segunda viaxe agarrada ás zapatillas atopa cambios na casa de Ramesh. Expliquemos cales.
- As oenegués traballan dentro e fóra do noso país. Metámonos nese mundo! Talvez a nai dunha de nós, o pai doutro, un tío, unha profesora... colaboren con algunha delas e nos poidan achegar información. Tamén a podemos buscar nós a través do directorio de teléfonos ou directamente en Internet.
- Zapatillas que falan e pensan, que saben moitas cousas e levan de viaxe ás nenas que as calzan. Unhas zapatillas moi pero que moi especiais. Se entre o teu vestiario tiveras que escoller algo marabilloso, que sería? Escribe esa historia.
- É necesario reflexionar sobre o que nos rodea e actuar en consecuencia. Así o fai Lía cando decide escribir as cartas aos deportistas famosos para que retiren o seu apoio a determinadas casas comerciais (que se enriquecen co traballo infantil), cando lle fai a proposta aos compañeiros de clase; tamén o fai a mestra e os compañeiros.
- Hai múltiples accións que se poden levar a cabo para mellorar o lugar no que vivimos. Os rapaces e rapazas do barrio de Ramesh limpan cada mes, orgánzanse e pásano ben, ao tempo que fan o contorno máis fermoso. Forman parte de clubs ambientais e aprenden a plantar e coidar plantas e árbores. Isto achégavos algunha idea?
- A mestra de Lía lévaas de excursión a unha tenda de comercio xusto. Nós podemos facer o mesmo, desa maneira recibiremos información de primeira man e poderemos mercar algo, se é o caso.

# actividades


- Indagade acerca do que son as cooperativas e como funcionan. Buscade información acerca dalgunha que haxa preto de onde vivides.
- Cando Andrea lle explica en que consiste o comercio xusto, fálalles da igualdade de salarios entre homes e mulleres e deixa caer que é algo que tampouco se dá na nosa sociedade. Que alguén vos explique iso e tentade ver ata onde é certo.
- Realizamos unha listaxe cos personaxes que aparecen no texto e colocámoslle a cada un deles as características que mellor o definen. Podemos separalos en principais e secundarios.
- Recollemos as onomatopeas que aparecen no texto, ao estilo de plofff...
- Expliquemos á nosa maneira o seguinte texto: «Ao contrario dos xoguets tan sofisticados que acaban de recibir por Reis, estes non teñen grandes embalaxes, partes de plástico ou pilas. Andrea explícalles que toda esa embalaxe ao final o único que fai é crear lixo e que para facer plástico hai que extraer petróleo, que é un ben natural moi escaso polo que hai guerras no mundo». Preguntemos por algunha desas guerras e se aínda continúan.
- Observemos como todo está entrelazado, o primeiro co terceiro mundo, o consumo co medio ambiente, este coas guerras, o traballo infantil co que mercamos...
- Busquemos os episodios que nos resulten cómicos, terroríficos, aventureiros... na obra.
- Recolle algunha expresión que che resulte difícil de entender.
- Imos ao último parágrafo da páxina 77 e explicamos todo o que hai detrás.
- Opinemos acerca do final desta historia. Pareceche triste, feliz, real? Como a rematarías ti?
- Busquemos solucións aos problemas que aparecen recollidos neste relato. Elaboramos un vocabulario con aquelas palabras que nos resultan difíciles á primeira vista.
- Nesta historia que semella real hai elementos fantásticos, coma esas zapatillas ou a boneca. Tamén aparece algunha información que nos asusta, como esa acerca de converter aos nenos en escravos para pagar unha débeda dos pais. Falemos de todo isto!
- Hai unha pequena ilustración que nos acompaña ao longo do relato, por que será?
- Os nomes, as palabras, que nos representan nos diferentes idiomas. Tentemos buscar o noso nome noutras linguas.
- Cantas cousas se poden buscar en internet! Incluso podes indagar acerca daqueles que tes lonxe e dos que fai tempo nada sabes. Falemos acerca do uso que facemos desta ferramenta e demostrémolo facendo prácticas entre todos, axudándonos...
- Hai moitas maneiras de traballar por un mundo mellor, as que vimos anteriormente (escribir para denunciar determinadas situacións, apoiar o comercio xusto ou algunha oenegué) e a que aparece ao final, unha manifestación.
- As Nacións Unidas e a Organización Mundial do Traballo son organizacións nas que participan moitos países... O primeiro que debemos facer é conseguir as súas siglas e o segundo, documentarnos acerca delas.
- Buscamos información sobre a Marcha Mundial Contra a Explotación Laboral Infantil e algunha outra da que teñamos noticia, desá maneira entenderemos a súa razón de ser.

# actividades

- Converterse en activista para loitar contra a inxustiza, esa semella ser a decisión de Lía e a mensaxe do libro, estariades de acordo?

## Despois da lectura

- Analicemos os problemas que xorden na historia e a maneira de resolvelos.
- Comentemos os valores que defende a autora neste texto.
- Escribimos a opinión que nos mereceu o libro ou realizamos unha posta en común na que imos achegando a valoración de cada un de nós. Intercambiamos as sensacións que nos espertou a lectura, e tamén as lembranzas que foron aflorando ao longo da mesma.
- Semella que nalgúns casos deberíamos poñernos no sitio dos outros, desa maneira entenderíamos mellor o que pasa e poderíamos actuar dun xeito máis solidario.
- Unha vez lida a novela poñémoslle outro título que nos resulte aínda máis adecuado.
- Resumimos o argumento ou realizamos unha liña argumental.
- Intentamos sintetizar a idea principal do texto.
- Escribimos a historia da boneca, desde que a fixeron ata que chegou á tenda de comercio xusto.
- Escribímoslle á autora comentándolle a obra.
- Repasamos o texto buscando un fragmento que nos poida servir como cita.
- Pasamos a historia a cómic ou escribimos un poema relacionado con ela.
- Tentamos representar esta historia, tal e como se fose unha obra de teatro.
- Pensamos noutros textos que poderíamos relacionar con este, porque tamén están protagonizados por nenos valentes, porque defenden valores semellantes, ...
- Lemos as outras obras da autora dirixidas ao público infantil. Facemos o mesmo cos libros do ilustrador.
- Lemos *Derradeira carta aos Reis Magos* de Fina Casalderrey, *Contos de Reis e de Nadal* de Miguel Vázquez Freire, e algún outro libro relacionado con estas datas.
- Pensamos nunha persoa a quen lle regalaríamos este libro e escribimos a dedicatoria.
- Imaxinemos como poderíamos pasar esta historia a cine.



**Pedidos a:**

**Comercial Grupo Anaya  
Polígono Pocomaco  
Avenida 3 Edificio Diana  
Nave 4 Baixo • 15009 • A Coruña  
Telf.: 981 171 641 / Fax: 981 171 647**

**XERAIS**

**Doutor Marañón, 12. 36211 Vigo  
Apartado Postal 1446. 36200 Vigo  
Teléfonos (986) 21 48 88 - 21 48 80  
Telefax: (986) 20 13 66  
Correo electrónico: xerais@xerais.es  
<http://www.xerais.es/>**

**EDICIÓNS XERAIS DE GALICIA**



© Pilar Sampedro e Maruxa Caamaño, 2008  
© Edicións Xerais de Galicia, S.A., 2008  
Depósito legal: VG 1568-2008